

Estimado/a compañeiro/a,

Desde hoxe e ata o 2 de agosto vós, a militancia do PSdeG, sodes protagonistas da renovación do noso partido.

Pídvos a vosa confianza e apoio para ser candidato oficial á Secretaría Xeral cun novo proxecto compartido, integrador, galego e de esquerdas. Busco apoios sen ataduras para que a rexeneración democrática sexa o medio que nos permita acadar o verdadeiro fin do Socialismo: dar resposta á cidadanía como a única alternativa sólida de goberno que somos fronte a dereita máis dura dos últimos 30 anos.

Cada un dos vosos avais será: unha peza do meu compromiso, a garantía do cumprimento dos ideais socialistas e a sinatura dun vínculo a través da rendición de contas e a transparencia.


É a primeira vez que se consulta á militancia para que elixa ao seu Secretario Xeral. Pídvos que participedes activamente nun proceso que abre camiño e que debe ser exemplo para os demais partidos.

Para facilitarvos o envío dos avais, hoxe poño á vosa disposición o blog www.gomezbesteiro.com e o correo electrónico apoyo@gomezbesteiro.com

No blog podedes descargar o documento oficial do aval, imprimilo, asinalo e facelo chegar a través do correo electrónico. Se preferides asinalo en persoa ou que volo vaíamos recoller, é posible nos teléfonos: 661 115 111 ou 610 551 435. Agradézoos que fagades chegar esta información aos e ás militantes da vosa agrupación.

Vós decidides. Hoxe, co voso aval. O 7 de setembro, co voso voto.

Moitas grazas polo apoio e por todo o vivido nestes meses no meu percorrido por Galicia. Aprendín moito de vós.



José Ramón Gómez Besteiro